

| ESTABLECIMENTO                                        | Prezo por persoa unha vez descontada a subvención da Deputación de Pontevedra (100,00 €) | Prezo por persoa para prazas de reserva de servizos sociais unha vez descontada a subvención da Deputación de Pontevedra (400,00 €) |
|-------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| GRAN TALASO HOTEL SANXENXO 4* (SANXENXO)              | 325 €                                                                                    | 25,00 €                                                                                                                             |
| HOTEL CARLOS I SILGAR 4* (SANXENXO)                   | 320 €                                                                                    | 20,00 €                                                                                                                             |
| HOTEL SPA NORAT TORRE DO DEZA 4* (LALÍN)              | 260 €                                                                                    | 0,00 €                                                                                                                              |
| HOTEL SPA GALATEA 4* (PORTONOVO, SANXENXO)            | 250 €                                                                                    | 0,00 €                                                                                                                              |
| HOTEL NOVO ASTUR & SPA 3* (VILALONGA, SANXENXO)       | 233 €                                                                                    | 0,00 €                                                                                                                              |
| BALNEARIO DE MONDARIZ 4* (MONDARIZ-BALNEARIO)         | 320 €                                                                                    | 20,00 €                                                                                                                             |
| TALASO HOTEL LOUXO LA TOJA 4* (ILLA DA TOXA, O GROVE) | 290 €                                                                                    | 0,00 €                                                                                                                              |

#### DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Servizo de Benestar Social  
Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Tel. 986 804 100

#### ORGANIZACIÓN TÉCNICA DE HALCÓN VIAJES

Rúa Gran Vía, 35, 36204 Vigo. Tel. 986 431 433

Máis información en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) ou no tel. 986 804 100  
ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN



PROGRAMA DE BALNEARIOS, TALASOS, SPA OU OUTRAS INSTALACIÓNS DE CARACTERÍSTICAS SIMILARES CON PERNOCTACIÓN



Consulta condicións.



Deputación  
Pontevedra



SABEMOS DE  
VIAJEROS

## QUE OFERTA?

Unha **estancia** de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, *spa* ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra

O paquete comprende:

- **Estancia con pensión completa** (coas bebidas incluídas)
- Utilización do *spa*, **balneario** ou **talaso**, un mínimo de dúas horas diarias
- **Transporte en autocar** desde o concello de orixe ata o establecemento hostaleiro escollido e regreso
- **Guía** desde o lugar de saída e durante toda a estancia
- Tres **tratamentos** complementarios de balde
- Programa de **animación sociocultural**
- **Seguro** de viaxe



## QUEN PODE PARTICIPAR

Persoas empadroadas na provincia de Pontevedra que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Ter **55 anos** ou máis
- No suposto de ter menos de 55 anos deberán acreditar alguna das seguintes circunstancias:
  - Ter recoñecido un grao de **discapacidade igual ou superior ao 65 %**
  - Ter a condición de **pensionista** polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións
  - Precisar dun **respiro familiar** (acreditado polos servizos sociais do concello)
- **Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa**, non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio
- Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma **autónoma**



## PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**Do 16 de agosto ata o 5 de setembro de 2024**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>

Os concellos adheridos como entidades colaboradoras prestarán asistencia ás persoas do seu ámbito territorial para presentar a súa solicitude



## PRAZAS E RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O programa ofrece 2.127 prazas:

- **2.097 de réxime xeral:** a Deputación subvenciona 100 euros por praza
- **30 de réxime especial:** a Deputación subvenciona 400 euros por praza

\*Poderán beneficiarse do réxime especial as persoas dos concellos adheridos como entidades colaboradoras que se atopen nunha situación de risco e/ou exclusión social acreditada polos servizos sociais comunitarios do seu concello de residencia

